

CUESTIONARIO DE AUTOREFLEXIÓN

Nome: M^a Pilar Iglesias Gómez

1. Como me sentín na clase **observada**? Por que?

Ao inicio nerviosa, insegura e desconcertada ante a nova situación. A pesares de que a interacción na aula é algo cotiá e estar acostumados a persoas de apoio, o feito de ser algo oficial, desconcertoume un pouco.

2. Que momento foi o máis interesante, desde o meu punto de vista para ser observada?

Desde o meu punto de vista, o momento de cambio de espazo, pasar da aula ordinaria ao recuncho onde desenvolvemos o resto da sesión, intentando facer, non so, un intre de tránsito, senón unha prolongación da sesión.

3. Que penso que estivo ben?

A naturalidade que tanto a coidadora dun neno que a precisa, como o mestre observador, lle deron a todas as situacións e imprevistos que teñen lugar nunha aula de 4º E. Infantil.

4. Que podería mellorar?

A miña capacidade para solventar esos imprevistos que son unha constante na aula de infantil e integralos como un recurso máis no proceso ensino-aprendizaxe.

5. Como me sentína clase como **observadora**? Por que?

Relaxada e ao mesmo tempo inqueda, intentando non molestar ao compañeiro, e ao mesmo tempo integrarme no plan de traballo desa sesión.

6. Que momento foi o máis interesante, desde o meu punto de vista como observadora?

Aquel no que despois de dar o mestre as instrucións claras e precisas, os alumnos/as, de xeito autónomo, desenvolven as tarefas propostas.

7. Influíu dalgún xeito esta observación na miña labor docente?

Aínda que non resulta doado facer un traslado do sentido de autonomía de 6º E. Primaria a 4º E. Infantil, penso en dar instrucións máis sinxelas e básicas para que os máis pequenos/as podan levar adiante pequenas tarefas de xeito máis autónomo.